

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 31-10-2025, ditou a resolución con número 3205/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Bases “I Premios do Deporte Concello de Carballo” . Aprobación da modificación n.º 1.

Antecedentes:

Primeiro.- Por resolución da Alcaldía n.º 2356/2025 de data 1 de agosto de 2025 resolveuse aprobar a convocatoria dos “I Premios do Deporte Concello de Carballo” que recoñecerán as persoas e entidades destacadas polos seus logros deportivos e labores de fomento e promoción do deporte, e as correspondentes BASES.

A base Terceira letra E detalla a documentación de presentación de candidaturas, incluíndo a *“declaración de conformidade da persoa (ou do representante se é menor de idade) ou entidade proposta para a premiación”*.

Visto o cal, **RESOLVO:**

Primeiro.- Modificar as Bases correspondentes á convocatoria dos “I Premios do Deporte Concello de Carballo”, eliminando o requisito de aportar ca documentación de presentación de candidaturas a *“declaración de conformidade da persoa (ou do representante se é menor de idade) ou entidade proposta para a premiación”*, aspecto que será recabado pola área de Deportes do Concello de Carballo con posterioridade á recepción das candidaturas e con carácter previo á celebración da correspondente gala de entrega dos premios.

Alcalde
José Daniel Pérez López

Secretaria
Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
Marina Núñez Orjales